



CIRCULAR LU09/2016
- Aos atletas, adestradores e clubes

III XORNADA PISTA – DEPUTACION DE LUGO
18 de xuño do 2.016

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza o **3ª Xornada de Pista – Deputacion de Lugo**, o sábado 18 de xuño, en xonada de mañá, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*, patrocinada pola **Exma. Deputación de Lugo**. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do xoves anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. Nas probas de lanzamento, a mellora farase conxunta homes e mulleres e independentemente do peso dos artefactos.

Art. 4. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 5. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 6. Os artefactos para homologar poderanse entregar ata 1 hora antes do inicio das probas.

Art. 7. O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
3.000 marcha (cad a sen)	10:30	3.000 marcha (cad a sen)
		400 m.v.
Martelo (cad a sen)	11:00	Martelo (cad a sen)
Lonxitude (cad a sen)		
Altura (cad a sen)		Altura (cad a sen)
400 m.v. (0,84 m) (xuv)	11:10	
800 m.l.	11:20	
	11:30	800 m.l.
200 m.l.	11:40	
	12:00	200 m.l.
400 m.l.	12:20	
Disco (cad a sen)	12:30	Lonxitude (cad a sen)
Peso (cad a sen)		Peso (cad a sen)
	12:35	400 m.l.
110 m.v. (0,91 m) xuv	12:50	
	13:05	100 m.v. (0,84 m)
	13:20	100 m.v.(0,76 m) cad e xuv

Art. 8. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 9 de xuño do 2.016

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo